

**FEDERICO GARCÍA DEIXASE VER
NA ROMAXE DA NOSA SEÑORA
DA BARCA E OS POETAS GALE-
GOS ANTERGOS E NOVOS ACO-
DEN PRA VELO E DARLLE A BENVI-
DA ANTRE UNHA SINFONIA DE CO-
RES E MÚSICA DAS GAITAS**

Cedo cantan os galos
e cedo ábrense as flores.
Cedo rompen as viñas
e desátanse as fontes.

Na i-auga dos regatos
míranse os rousiños
e os insectos se bañan
na enxurrada dos poles.

No abrente cristaiño
os cabalos insomnes
beben o ár do día
que trisca polos montes.

Erguese xa a mañán froлива.
Canta con xeito a rapaza garrida.

Tou pourrutou, saúda o gaitero,
tou pourrutou, tentando o punteiro.

Chegan as mozas que espadan o liño,
chegan os mozos có pano na man.

Veñen cantando, aledando o camiño,
veñen ben ledos, choutando no chan.

Antre os romeiros que ateigan a rúa
ia o Poeta ollando ó mencer.

Non puido ver a danza da lúa.
Chove en Santiago e máis va a chover.


Gloria ó poeta que ven dende fora
e hoxe en galego cociña o seu pan.

Resoa a gaita que canta ou que chora
mentres estoupan as risas do urán.

Os trovadores dos tempos antigos
brindan ó vate as suas trovas de mel.

Xúntase en roda, sentíndose amigos,
todos herdeiros dun mesmo ronsel:

Pero Meogo con Gómez Chariño,
e Roy Fernádes e Pero de Ver,



CARMEN ISASI 93

Pero de Ambroa, Xohán Zorro, Mendiño
e outros galegos do mesmo mester.

Vente connosco a faquer romaría.
Vinde, poetas, collidos da man.

Chamade a Curros, Añón, Rosalía
e ata Evaristo Martelo Paumán.

Hoxe é connosco o irmán Federico
que d'unha nube lonxana chegou.

Trai dende o alén unha estrela no bico
e rimas novas que il mesmo inventou.

Ouvindo a teima unha doce pombiña
branca de neve, do ceo baixou

e, remexendo suas azas axiña,
na nosa fala, teimosa, escramou:

“Eu tamén falo isa lingua que é a miña;
eu tamén canto onde outro cantou.

Tou pourrutou pourrutou pourrutiña...
tou pourrutou... pourrutou... pourru... tou.”

Gregorio San Juan

Bilbao, a 12 de abril de 1993.